



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na conmemoración do 30 aniversario do Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2013

Presidente da Xunta de Galicia,
Presidente do Consello da Cultura Galega,
Delegado do Goberno,
Alcalde de Santiago,
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,
Membros da Mesa do Parlamento,
Presidente Albor,
Señoras e señores,

Grazas, primeiramente, no nome do Parlamento de Galicia, por me convidar a participar neste acto de conmemoración das tres primeiras décadas de vida do Consello da Cultura Galega, unha institución estatutaria creada por unha Lei do Parlamento de Galicia.

Cando o Estatuto de Autonomía de Galicia establece, no seu artigo 32, que lle “corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego” está sinalando a ruta que cómpre seguir. Un camiño que os vellos galeguistas abridan coa Xeración Nós e co Grupo Galaxia, entre outros.

Destes galeguistas, algúns dos cales formaban parte da Xunta e do Parlamento de entón, quero lembrar moi especialmente a Gerardo Fernández Albor, presidente do Goberno galego naquel entón e ao que temos a ledicia de ter entre nosoutros.

E refírome tamén a outras dúas persoas salientables en relación coa data que estamos a celebrar: Ramón Piñeiro, primeiro Presidente do Consello; e Filgueira Valverde, conselleiro de Cultura cando se aprobou a Lei e quen daquela definiu o



Consello dicindo que non sería “un horto pechado a moitos e aberto a poucos” e que desexaba que o Consello axudase a que todos poidan gozar, xeración tras xeración, dos bens do patrimonio cultural de Galicia. E prognosticou: “pronto será un órgano cheo de prestixio, que as xentes aceptarán, ao que as xentes acudirán coas súas iniciativas e que tocará definitivamente aspectos moi fondos do cultivo do noso espírito”. Abofé que atinou na súa predición.

A Comisión Asesora da Cultura Galega, precedente do Consello, con representantes de institucións e persoeiros da nosa cultura (entre eles, seis deputados do noso Parlamento), foi o primeiro paso na defensa dos nosos valores culturais.

Esta Comisión foi a que elaborou o proxecto de Lei do Consello, cuxo trámite parlamentario non sempre foi un camiño de rosas. Foi un camiño aberto ao diálogo e no que se acadou un consenso. A forza da palabra posta en valor para chegar a acordos.

Máis á fin, como un deputado dixo daquela: “Galicia ten unha cultura rica que temos que revalorizar e coñecer mellor. As glorias de antergos privilexios do Reino de Galicia, os nosos usos e costumes, o labor dos nosos artistas, escritores e de todos aqueles que fan un traballo intelectual, todos contribuímos ó desenrolo da nosa cultura, a facer máis grande, máis fondo, máis persistente ese afervorado amor á Patria, que os corazóns dos galegos sentimos...” (Adolfo de Abel Vilela, A.P.)

Celebramos esta efeméride pouco despois de conmemorar o 30 aniversario do Parlamento de Galicia, constituído o 19 de decembro de 1981. A Lei pola que se crea o Consello da Cultura Galega de 1983 sitúase, polo tanto, entre as primeiras normas elaboradas e aprobadas pola Cámara autonómica, feito que resulta revelador respecto da transcendencia que a cultura propia de Galicia merecía para os nosos primeiros lexisladores. E da importancia que para eles tiña o fortalecemento da identidade de noso.



No entanto, tamén considero de xustiza engadir que tal decisión de pouco ou nada tería servido sen o respaldo outorgado pola Administración autonómica, ou sen a entrega admirable dos diferentes equipos humanos que teñen traballado na sede da Rúa do Vilar, e logo na actual e definitiva do Pazo de Raxoi.

Permítanme expresar tamén o meu recoñecemento a todas e cada unha desas persoas, e moi particularmente aos seus anteriores presidentes: os xa citados Ramón Piñeiro e Xosé Filgueira Valverde; a Carlos Casares, prematuramente desaparecido; e a Alfonso Zulueta de Haz, que hoxe tamén nos acompaña.

Agradecemento que fago extensivo ao presidente actual, Ramón Villares, por impulsar, co éxito do que todos somos testemuñas, a tarefa iniciada polos seus ilustres antecesores e por explorar novos espazos para a cultura galega nas súas máis diversas manifestacións, como queda acreditado cada día.

Tamén é un feito que o Consello da Cultura Galega soubo atopar o seu espazo no universo de institucións e entidades que traballan no ámbito da promoción e defensa da lingua e da cultura.

E como o tempo pasa coma un lóstrego, hoxe estamos a celebrar os 30 anos de creación do Consello da Cultura Galega.

O seu labor témolo diante de todos: abondoso, rigoroso, variado, de grande altura.

O que agromou naquel apartado día de 1983 deu nunha abondosa colleita.

Parabéns e sigamos nela.